

Profetas

Con Carlos Rebolo e Elea López · Dirección Carlos Álvarez-Ossorio
Texto de Ernesto Is, 16º Premio Abrente de textos teatrais da MIT de Ribadavia 2021
Ítaca Teatro en coprodución co Centro Dramático Galego



COPRODUCEN



COLABORAN E APOIAN



MEMBRO DE





A COMPAÑÍA

ÍTACA TEATRO é unha compañía lucense, fundada no 2018, que en todas as súas montaxes harmoniza o tanxible co utópico, facendo convivir sobre o palco realidade e ficción.

A súa última proposta, *Instrucións para tomar café*, foi estreada, o pasado mes de outubro, na Rúa dos Contos do FIOT de Carballo.

PROFETA2, será o sexto espectáculo de ÍTACA TEATRO e a súa estrea está prevista para o 24 de abril de 2025, ás 20,30 horas, no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, cun pase previo para institutos na mañá dese mesmo día.

O TEXTO

PROFETAS, de Ernesto Is, é o texto gañador do Premio Abrente 2021. O xurado valorou *“a potencia escénica da obra, unha proposta épica dende a normalidade de situacións vitais, unha obra sen artificio, auténtica e eficaz. O texto, maxistralmente escrito, ten un ritmo narrativo perfecto, con cadencias, musicalidade e cambios adecuados. Tamén destaca a construción dos personaxes, con peso equitativo tanto para o home coma para a muller, cos cales o público empatiza en igualdade, volvéndose ademais uns xoguetes moi atractivos para calquera actor e actriz.”*


Neste texto fábase *“das guerras, nunha dimensión máis ampla, incluíndo os espolios artísticos e as pillaxes que nelas acontecen.”*

**“Por exemplo, aquí, en Compostela,
aínda faltan dúas estatuas no Pórtico.
É necesario recuperalas.
Os profetas Abraham e Isaac teñen que
volver mollarse baixo a choiva da nosa cidade.”**

Abórdase a creación artística, coas dúbidas que plantexa facer ficcións nesta sociedade infectada de guerras, conflitos e desencontros.

**“Niso consiste a arte, non?
Desprazar a realidade.
Convertela nunha metáfora.”**

Cóntase tamén a historia de dous personaxes que están en crise persoal e creativa, que analizan a crise de parella que tiveron e que rematou na súa ruptura e, todo isto, dentro do mundo que os rodea e que está en crise permanente.



SINOPSE

Ela e El vólvense atopar, moito tempo despois: Ao longo da noite, tratarán de recompoñer as lembranzas do que foi a súa relación; os soños que compartiron, os medos que a truncaron, as ficcións que crearon e as cidades onde a imaxinaron xuntos.

PROFETAS presenta o encontro dunha parella que xa non o é. Dúas persoas que fan balance da súa historia común por medio doutras historias do cinema e da literatura. Cuestións como o compromiso político e artístico, o amor e a creación están presentes nunha peza que funciona como un xogo de agochados, de abismos e de saltos entre realidade e ficción. Un conto que se conta para contarnos.

A PROPOSTA

Na presentación do libro, Anna R. Figueiredo dixo que *“este texto lévame a moitos lugares que tamén me leva Mayorga”*. Este é o noso propósito: levar ao público a facer unha viaxe por lugares que existen entre a realidade e a ficción, harmonizando o tanxible co utópico.

Máis alá das cidades nas que se sustenta a peza (Compostela, Mosul e Venecia) e que teñen relevancia nos tres planos nos que se define a acción (o íntimo, o social e o global) o certo é que a viaxe que propoñemos será ésta e outras moitás en paralelo, como a viaxe dende o amor á realidade, pasando pola ficción.

Alfonso Becerra, no seu limiar, fala de *“contar historias que non se representan dentro da peza, senón que son referidas, narradas. Velai a viaxe a Venecia.”*

**“Quizais non fixemos outra cousa
máis que falar desa cidade.
Ou falando das outras,
perdémola para sempre.”**

Este diálogo entre os protagonistas podería referirse á cidade do seu amor, ou a aquela que non coñeceron xuntos, ou mesmo á cidade en guerra que nunca se atreveron a visitar.



GUÍA DIDÁCTICA

O espectáculo conta cunha guía didáctica que, no caso ser precisa, porase a disposición da Entidade que o solicite.



FICHA TÉCNICA

Elenco:

Carlos Rebolo e Elea López

Texto e dramaturxia:

Ernesto Is

Iluminación, espazo sonoro e dirección:

Carlos Alvarez-Ossorio

Deseño e creación de máscara:

Marga Portomeñe

Escenografía, vestuario e produción:

Ítaca Teatro

Deseño Gráfico:

La Cosa Gráfica

Redes sociais:

Insono

Fotografía:

Las fotos del César

Guía didáctica:

maisqueteatro

Vídeo e tráiler:

Granero Vídeo

Videos promocionais:

Patricia Barreda

Distribución e comunicación:

Carlos Iglesias

Agradecementos:

María García, Youssef Salimi, Julio Seijas, Juan Rivas, Autos Galicia, Celia Rodríguez

Duración: 80 minutos

Público: mozo e adulto

XII



DISTRIBUCIÓN E COMUNICACIÓN

Carlos Iglesias · T.: 604 046 270

distribucion@itacateatro.com

www.itacateatro.com